



CRUZ DE PORTORRAÍZ (Torible-Lugo)¹

Fernando Arribas Arias

Dicia Castelao que detrás de cada cruceiro hai sempre un pecado. Permitídemme que discrepemos un pouco do noso ilustre rianxeiro porque nós coidamos que detrás de cada cruceiro, ou tamén de cada cruz, hai sempre unha historia. Ao longo do presente artigo pretendemos desvelar a historia que se agocha detrás dunha sinxela cruz, non moi ben conservada por certo, que se atopa na parroquia de Torible, no concello de Lugo. Está situado á beira dun camiño polo que hoxe apenas transita xente, pois o progresivo abandono que sofren as nosas aldeas reflíctese tamén no abandono das vellas vías de comunicación polas que desfilaban carros, bestas e persoas.

No lugar de Portorraiz, nunha curva do camiño que leva á casa de Acevedo, levántase unha cruz de pedra que sinala o lugar no que foi tiroteado D. José Bóveda Racamonde o venres 16 de febreiro, ás 11 da noite, do ano 1900. Viña a cabalo dende Lugo e dirixíase a súa casa de Gonze, na parroquia de Vilafiz (Friol), pero no lugar indicado saíronlle ao paso dous homes armados

con carabinas² que lle dispararon simultaneamente, se ben só un deles acertou a darlle. Segundo a prensa local, o Sr. Bóveda berroulles: “Cobardes, me habéis asesinado”.

Co ruído dos disparos, a besta levantouse e saíu correndo ata a casa de Acevedo, onde o infortunado Bóveda caeu de bruços. Aínda así tivo forzas para petar na porta desta casa, na que vivían a súa sogra e dous cuñados, Jesús e Joaquín, que auxiliaron ao ferido pero, ao ver a gravidade da ferida no ventre, determinaron confesalo, mentres que o primeiro deles saía para Lugo a busca dun médico por non existir ningún en Friol, concello do que non se presentou ningunha autoridade no lugar dos feitos nos días seguintes.

Aguantou Bóveda ata o día seguinte, o sábado 17, xornada na que falece ás oito da tarde. No momento da súa morte, a súa dona D. Dolores Villanueva Armesto, estaba embarazada do seu undécimo fillo.³

1 Preferimos a denominación de cruz de Portorraiz por ser este o lugar onde se atopa. Outros autores a denominan Cruz de Acevedo, pero este lugar pertence á parroquia de Vilafiz, no concello de Friol, mentres que o de Portorraiz, onde está situada esta cruz, pertence á parroquia de Torible, concello de Lugo. Véxase os interesantes traballos *Acevedo (I)* e *Os Bóveda (II) A cruz de Acevedo* en <http://terrasdefriol.blogspot.com/2010/05/acevedo-i.html> e <http://terrasdefriol.blogspot.com/2010/05/os-boveda-ii-cruz-de-acevedo.html>

2 *La Idea Moderna* afirma pola súa parte que os disparos fixéronse a queimarroupa cun revólver, feito que nega *El Regional* a pesar de “aparecer en los calzoncillos tacos de papel hechos de un *Boletín oficial*.” No xuízo que se celebra un ano máis tarde fálese de que a arma homicida foi unha escopeta de dous canóns.

3 Na necrolóxica publicada na prensa aparece como Villanueba, se ben coidamos que debe tratarse dun erro ortográfico, pois despois sempre aparecerá con v.

Pouco antes de morrer, e interrogado polos posibles autores do tiroteo, Bóveda declarou que, na súa opinión, foran Juan Jesús María Penín Fernández e Benigno Carreira Senín.

Dende o primeiro momento descartouse que a motivación do crime fora o roubo, que se atribuíu a “rencillas de localidade y mezquinos intereses” ou incluso a “resentimientos políticos”.⁴ Por orde do Xulgado de Instrución de Lugo, encargouse das pescudas o sarxento da Garda Civil D. José Fernández Lombardía, acompañado de seis axentes.⁵

D. José Bóveda Racamonde (1859-1900)

Este asasinato deu lugar a un gran despregue informativo por parte da prensa local, pois o Sr. Bóveda era unha persoa moi coñecida. A primeira nova que temos del data do ano 1893, cando o Xulgado de Primeira Instancia de Lugo condena a Domingo Antonio González Suárez ao pago das 1.050 pesetas que lle reclamaba o Sr. Bóveda, se ben descoñecemos os motivos desta débeda. Veciño de Vilafiz (Friol) residía no lugar de Gonce en compañía da súa dona D. Dolores Villanueva Armesto e os seus dez fillos. Antigo axente de quintas, estaba establecido en Lugo, se ben tamén era concelleiro en Friol, actividade á que lle dedicaba as fins de semana porque as sesións deste concello celebrábanse os sábados. Na cidade amurallada, onde tiña o seu despacho na Rúa Nova número 4, dedicábase, entre outras actividades, ao “cobro dos chamados alcances dos repatriados de Cuba e Filipinas, e semella tamén que algunha influencia tiña na contratación de man de obra para a estrada Lugo-Friol que estaba en fase de construción.”⁶ Parece ser que non contaba con moitos amigos e que non era un home moi querido, estando incluso afrontado coa súa familia política por desavinzas coas partillas. Tamén, e segundo declarou a súa viúva no xuízo celebrado posteriormente, en

algunha ocasión dedicouse o Sr. Bóveda a mercar terreos en litixio, se ben de todos era sabido que vivía do “contrato con prófugos y a procurar arreglar litigios mediante una participación en ellos.”⁷

Poucos días despois da súa morte, diversos medios publicaban unha nota na que se advertía aos clientes do Sr. Bóveda que dende o día 25 de marzo ata o 10 de abril, de tres a cinco da tarde e previas as oportunas liquidacións, poderían retirar do seu despacho “algún tipo de documentación...”, encargándose destes trámites como apoderado D. Ramón Roca Varela.

O xuízo

Froito das pescudas da Garda Civil e das acusacións do Sr. Bóveda, foron detidos Juan Jesús María Penín Fernández, concelleiro do concello de Friol, e Benigno Carreira Senín, os dous inimigos acérrimos do Sr. Bóveda, se ben só ao primeiro se lle acusaba de ser o autor material do disparo mortal. Tanto *El Lucense*, *El Regional* como *El Norte de Galicia*⁸ anuncian con antelación o comezo da vista, que se inicia o mércores, 20 de febreiro de 1901, un ano despois de producirse o lamentable suceso. Vai durar catro días, rematando o sábado 23 de febreiro. Celébrase na Salón de Plenos do concello de Lugo, debido ás obras que se estaban realizando na Audiencia, e contou cunha gran asistencia de público. O segundo dos xornais que se publicaba en Lugo adiantou incluso as conclusións provisionais do Ministerio Público, a cargo de D. Hilarión del Real, así como tamén os argumentos dos procuradores dos procesados, Sres. López Cedrón e López Pardo, e da acusación particular, exercida por D. Carlos Llamas Navia. En base a estas conclusións do fiscal sobre os feitos, sabemos que un dos tiros alcanzou ao cabalo, causándolle unha ferida na rexión frontal, onde se lle atopou un cravo dos empregados no calzado. No que respecta á ferida do Sr. Bóveda, este presentaba un burato “en la parte

4 *El Diario de Pontevedra* titulaba a nova do asasinato “Crimen por la política” e o atribuíu a “resentimientos políticos.” *El Diario de Pontevedra*, 24 de febreiro de 1900.

5 Véxase *El Regional*, 19 de febreiro de 1900.

6 Véxase: <http://terrasdefriol.blogspot.com/2010/05/os-boveda-i-d-jose-boveda-racamonde.html>

7 *El Regional*, 23 de febreiro de 1901.

8 A meirande información de todo o proceso corre a cargo de *El Regional* e *El Norte de Galicia*, limitándose a de *El Lucense* a breves resumos. Pola súa parte, *La Idea Moderna* garda silencio durante todo o proceso, pero unha vez rematado este, crítica a impunidad en que quedou o suceso.

inferior de la línea divisoria de las regiones umbilicar e hipocondríacas derechas, perforándole un asa intestinal y desgarrándole el epiplón; a la vez que le destruyó la parte superior derecha del sacro, en cuyo centro se hallaron alojados una cápsula de revólver con su pistón y un clavo de los que usaba Penín en su calzado...⁹

Para este Ministerio a morte do Sr. Bóveda constituía un delito de asasinato, do que eran responsables “por ejecución directa y controlada” os citados Penín e Carreira, sen apreciar circunstancias atenuantes, polo que pedía para eles a pena de morte e, en caso de indulto, a “inhabilitación perpetua”, así como unha indemnización de cinco mil pesetas para os herdeiros e o pago das costas xudiciais.

Pola súa parte, o Sr. Pardo Rodríguez, avogado de Benigno Carreira Serén, negaba a participación do seu defendido no asasinato, alegando que na noite de autos estaba na casa do seu pai, Angel Carreira, en compañía tamén de outras persoas, e que endexamais ameazara ao Sr. Bóveda. Alegaba tamén que non se puxera nunca de acordo co outro acusado para este fin, pois entre os dous había unha inimidade manifesta.

A defensa de Juan Jesús María Penín Fernández, levada polo Sr. Sánchez Latas, rexeitaba tanto a participación directa e indirecta do seu defendido, para o que pedía a absolución.

Nesta mesma sesión do día 20 de febreiro de 1901, procedeuse tamén ao sorteo dos integrantes do xurado popular.¹⁰ Iniciado o xuízo, o primeiro en prestar declaración é Juan Jesús María Penín Fernández, quen nega todas as acusacións formuladas contra el: ameazas ao Sr. Bóveda, discusións, etc.; se ben recoñece que hai anos preiteou contra Bóveda, pero que non lle gardaba rancor. Recoñece tamén que é propietario da escopeta que se lle presenta como proba, pero asegura que o día de autos non fixo uso

9 *El Norte de Galicia*, 10 de febreiro de 1901.

10 O xurado estaba integrado por D. Antonio Bedós, D. José Cren-de Díaz, D. Manuel López Cobas, D. José Álvarez López, D. Diego Castro Fraga, D. Ángel Fernández y Fernández, D. Santiago López y López, D. Francisco Goy Sánchez, D. Antonio del Val Díaz, D. Pedro Fernández Besteiro, D. José María Carracedo e D. Ramón Iglesias Camino. Actuaron como suplentes D. Ramón López “y otro cuyo nombre no recordamos.” *El Norte de Galicia*, 21 de febreiro de 1901.

dela e que a deixou na casa cargada.

Pola súa parte, Benigno Carreira nega tamén as acusacións, afirmando que a noite de autos “se la pasó jugando a la brisca, y cita a los que se hallaban presentes y pueden certificar de la verdad de semejante afirmación.”¹¹

A continuación comeza a proba testifical, comparecendo en primeiro lugar D^a Dolores Villanueva, viúva do Sr. Bóveda. Declara que unha vez avisada dos feitos, trasladouse inmediatamente á casa de Acevedo, onde o Sr. Bóveda lle manifestou que, aínda que non vira aos asasinados, estes tiñan que ser Penín e Carreira, afirmando tamén que en nunha ocasión oíra dicir que o primeiro sacara unha navalla con intención de agredir ao seu home. Afirmou tamén que outra vez o seu irmán Joaquín lle comentara que Penín lle dixera que intentara matalo na feira de Guimarei, pero que non se lle puxera a tiro.

O segundo en declarar é Jesús Villanueva Armesto, irmán da viúva e compadre e amigo de Penín, quen manifesta que o finado manifestoulle antes de morrer que fora “el gorrión” (alias de Penín), pero que non citara a Carreira. Comenta que Bóveda e Penín foran anteriormente amigos, pero que ignoraba a causa das desavinzas actuais.

Pola súa parte, Jacinto Villanueva Armesto, declara que unha vez avisado o crego para que confesara ao seu cuñado, este dixo que quen o agredira fora un “hombre bastante alto, con una escopeta de dos cañones, y que vestía boina y traje negro.”¹²

Na sesión do xoves 21, un dos principais relatos foi o de José Pena Casanova, casado cunha irmá da viúva de Bóveda. Conta que escoitou a súa cuñada recriminar ao seu irmán Joaquín Villanueva que non houbera declarado o que lle dixera sobre as intencións de Penín, ao que Joaquín respondeu que non o fixera porque non lle convida, porque non quería que pola súa culpa padecerá ninguén, ao que Dolores Villanueva lle respondeu: “eres tú más criminal que

11 *El Regional*, 21 de febreiro de 1901.

12 *El Regional*, 21 de febreiro de 1901.

el mismo que lo mató.”¹³ Comentou tamén que vira varias pegadas no lugar do suceso en dirección a Lugo e que tomou medidas das mesmas cun pau de uceira e que coincidían en parte coas dos borceguíns de Penín, pero sen sinais de cravos. Tamén comentou que na entrevista que mantiveron Penín e Bóveda a noite de autos o primeiro pediulle perdón ao segundo e que lle dixo: “Eu non che fun.”¹⁴

Ademais destas testemuñas, desfilaron polo estrado varios veciños do Sr. Bóveda e dos acusados (Antonio Rodríguez Castro, José Núñez Otero, Román Carreira Pena, José Corredoira Gallego e Ángel Carreira Franco, manifestando este último que na mañá do 17 de febreiro, ao día seguinte do crime, Penín presentárase na súa casa afirmando que viña de Friol e que non almorzara aínda e, como estaba atarecado de frío, púxolle unha cunca de caldo e un anaco de pan con queixo. Preguntoulle pola súa antiga escopeta de dous canóns, que cambiara días atrás pola de Penín pola insistencia deste, ao que lle respondeu o acusado “quizás haya servido para matar a Bóveda. Servise ou non a ti que che importa.? ¿Dóche moito? Pois agora xa o levou o demo.”¹⁵

Pola tarde, prestaron declaración, entre outros, Manuel Cobas Darríba, Benito Rodríguez Pena, Marcial Seijas Neira, Manuel Penín Fernández, sendo de destacar a de José López Pardo, párroco de Vilafiz, quen afirma que Penín e Bóveda eran inimigos. Comenta tamén que como crego díxolle a Penín que lle pedirá perdón a Bóveda e que o primeiro lle solicitou que lle mercara os seus bens, porque como sospeitaban del tiña medo que llos embargaran, ao que se opuxo o párroco. Tamén quedou patente que o crego mercou uns terreos polos que o Sr. Bóveda foi procesado na Coruña por estafa, terreos que, posteriormente, doou á muller de Bóveda.

Posteriormente tocoulle a quenda a Bernardo Ramos Roca, Pilar López Fernández, Francisco Hombreiro Bóveda e Julián López Fernández, quen a preguntas do Presidente da Sala e do Sr. Latas declara que Bóveda o apoiaba nun preito que sostiña contra Penín,

a cambio de recibir a metade do gañado. O resto das testemuñas (José Varela Teijeiro, máis coñecido como “el estudiante de Penarrubia”, José Rodríguez Rodríguez, José Sanjurjo Varela José Seijas Varela coinciden en ratificar a inimidade de Bóveda con Penín, manifestando este último que no seu leito de morte Bóveda lle dixerá que perdoaba a todos da súa morte menos aos dous acusados.

Na mañá do venres 22 declara Pedro Prado Burgo, veciño de Cotá, que manifesta que os pais do acusado Benigo Carreira ofrecéronlle unha vaca se declaraba a favor do seu fillo, oferta que se fixo na noite do 17 de febreiro. Fiscal e defensores interrogan a varias persoas máis sobre o paradoiro da escopeta de dous canóns, sendo de destacar a de D. Daniel Lameiro, o crego que confesou a Bóveda antes de morrer, quen dixo lembrar que o moribundo lle manifestou que o agresor era un home alto e que cando Penín foi pedir perdón a Bóveda este díxolle que o perdoaba ante Deus, pero non ante a xustiza humana.

Pola tarde o Ministerio Fiscal modifica as súas acusacións e acusa soamente de asasinato a Jesús Penín, cos agravantes de premeditación, alevosía e nocturnidade, petición á que tamén se suma a acusación particular, polo que Benigno Carreira queda inmediatamente en liberdade. Insiste na inimidade de Penín e Bóveda e reitera varios exemplos da mesma, así como en sinalar as contradicións nas que incorre o acusado: o tema da escopeta, o intento de venda dos seus bens ao crego de Vilafiz, as pegadas coincidentes atopadas no camiño de Portorraiz, etc.

O sábado, día 23, o acusador privado, Sr. Llamas fai un resumo moi detallado dos feitos dende a noite do asasinato, así como das probas que incriminan ao acusado, nun emotivo e extenso discurso que é reproducido integramente pola prensa local. A continuación o avogado defensor, Sr. Sánchez Latas afirma que non hai certezas de que o seu defendido foro o autor do crime, posto que non hai probas, senón comentarios, facendo especial fincapé no tema da escopeta. Comenta que se a pediu en público a Carballal, mala idea sería empregala para un crime, xa que este feito podía incriminalo. Ademais, todos os veciños da zona tiñan escopeta de dous canóns, polo que tampouco resulta unha proba de cargo contra Penín. Despois dunha ardua defensa do seu

¹³ *El Regional*, 21 de febreiro de 1901.

¹⁴ *El Regional*, 21 de febreiro de 1901.

¹⁵ *El Regional*, 21 de febreiro de 1901.

patrocinado, conclúe, citando a Carlo Magno, que se Deus non quere que se descubra a un culpable é que se reserva para si o castigo, alegando tamén que a condena a Penín sería “un asasinato jurídico” polo que pide un veredicto de inculpabilidade.

A continuación o Presidente da Sala realiza cinco preguntas ao xurado sobre a autoría e culpabilidade de Jesús María Penín no asasinato de D. José Bóveda Racamonde. O xurado retírase a deliberar e, despois dunha hora de xuntanza, resposta negativamente a todas as preguntas do Presidente, agás unha que non revestía especial relevancia, polo que o acusado é absolto. O fiscal e a acusación privada solicitan a revisión da sentenza, ao que se opón o tribunal, rematando a sesión ás 10 da noite.

A valoración da prensa

Unha vez rematado o proceso, a prensa local non se volve ocupar do suceso coa excepción de *La Idea Moderna* que, paradoxalmente durante o desenvolvemento do mesmo, non lle prestou ningunha atención. Non obstante, días despois publica nas súas páxinas un artigo facéndose eco dos comentarios populares sobre o xuízo, ao tempo que criticaba a impunidade en que quedou o delito. Non culpa de elo ao xurado popular, senón ao “modo lento y defectuoso con que los sumarios se instruyen”, polo que pide que haxa exclusivamente xuíces de instrución para calquera acto delituoso, co obxecto de que estes non queden impunes, culpando destes fracasos xudiciais aos “gobernantes y legisladores.”¹⁶

A cruz de Portorraíz

Foran ou non culpables Juan Jesús María Penín e Benigno Carreira Senín da morte de D. José Bóveda Racamonde, o único que queda daquel lamentable suceso, ademais do sumario e dos ríos de tinta publicados na prensa local, é a cruz que aínda hoxe podemos ver en Portorraíz, posta na súa memoria pola súa muller e os seus fillos. Non sabemos se a viúva, D^a Dolores Villanueva,¹⁷ tivo que pagar as costas do proceso como pedía o avogado de Benigno Carreira, o que significaría, ademais da impotencia, unha dobre desgraza para ela: perder ao seu home e encima ter que pagar os gastos do xuízo no que non se condena ao culpable. Quizais por iso quixo deixar constancia do asasinato do seu home, como escarnio para o autor do mesmo, na inscrición que figura nesta cruz, costeada por ela, e que di o seguinte:

AQUÍ ASESINARON A D. JOSÉ BÓVEDA
AÑO 1900
RECUERDO DE SU ESPOSA E HIJOS

Consta esta sinxela cruz dunha base monolítica formada por un tramo recto e outro troncopiramidal, pero coas arestas curvas, encargándose unha escocia de separar estes dous elementos. A cruz, de granito e aresta viva, está situada a escasa distancia do lindeiro entre os concellos de Friol e Lugo,¹⁸ se ben pertence a este último. Esconde esta trágica historia que, afortunadamente, puidemos desvelar. Pero estou seguro que todas as cruces existentes en Galicia teñen a súa propia historia e a nosa tarefa e descubri-la, pero tamén é tarefa de todos é respectar e conservar estes monumentos porque, como xa dicía o inxustamente esquecido Bernardo Barreiro Vázquez Varela, o seu estudo é imprescindible “para la formación de unha completa historia regional... que por todas partes ha erigido la piedad ó la costumbre, la tradición antigua ó la fe cristiana tan arraigada en nuestro pueblo, sino

17 Sabemos que, despois dalgún tempo, volveu casarse, esta vez cun veciño da Casa do Previsor, tamén do lugar de Gonze (Vilafiz).

18 Concretamente entre as parroquias de Torible (Lugo) e Vilafiz (Friol).

16 *La Idea Moderna*, 26 de febreiro de 1901.

que el conocimiento de cada uno de estos detalles, al parecer insignificantes, importa grandemente á las crónicas de cada localidad, a los recuerdos de cada época, á las íntimas y piadosas memorias de familia, á las leyendas que engalanan la poesía y á las nuevas formas con que el arte se embellece... ”¹⁹.



19 Bernardo Barreiro Vázquez Varela foi a primeira persoa en Galicia en darse conta do valor histórico, artístico e etnográfico dos cruceiros e cruces. Véxase *Galicia Diplomática* Tomo IV, número 12, páx. 92.